



RESOLUCIÓN do 4 de novembro de 2019, da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, pola que se adxudica ás embarcacións seleccionadas a modalidade de ourizo ao abeiro do plan de xestión para o recurso específico ourizo, modalidade de mergullo con subministro de aire dende superficie, da confraría de pescadores de Cedeira aprobado para o ano 2019.

De conformidade co establecido na resolución do 10 de outubro de 2019 da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña, que resolve o proceso selectivo para asignación da modalidade do recurso específico ourizo a tres (3) embarcacións no permiso de explotación:

RESOLVO:

Adxudicar a modalidade do recurso específico ourizo con **dous (2) cupos** para mergulladores no permiso de explotación a cada unha das seguintes embarcacións:

- ANGEL 3ªFE-4-1-96 de José Dyango Paz Paz (DNI:32.706.627Y)
- A TRAIORA 3ªFE-4-2-12 de Luís M. Pernas Rodríguez (DNI:32.702.833F)
- O CANOURA 3ªFE-5-1-16 de José Antonio Pernas Loureiro (DNI: 32.646.759F)

de conformidade có persoal enrolado, as certificacións profesionais correspondentes e coa documentación que acredita o número máximo de tripulantes autorizados de acordo coas características da embarcación.

Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios da xefatura territorial da Consellería do Mar na Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén estará exposta, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios da confraría de pescadores de Cedeira e na xefatura comarcal de Ferrol.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación

O xefe territorial

Juan Carlos Barreiro González

